

Acta da reunión do Consello de Departamento**ASISTENTES**

Anido Rifón, Luis E.
Burguillo Rial, Juan C.
García Duque, Jorge
Gil Castiñeira, Felipe
Gil Solla, Alberto
Herrería Alonso, Sergio
Llamas Nistal, Martín
López Ardao, José C.
López Nores, Martín
Mikic Fonte, Fernando Ariel
Pazos Arias, José Juan
Rodríguez Pérez, Miguel
Santos Gago, Juan M.
Suárez González, Andrés

Fondo Ferreiro, Pablo

López Escobar, Juan José

González González, Jaime
Rúa Estévez, José Manuel

ESCUSAN ASISTENCIA

Caeiro Rodríguez, Manuel
Costa Montenegro, Enrique
Sousa Vieira, Estela

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Enxeñaría Telemática do 7 de setembro de 2023, convocada para as 16:00 horas en primeira convocatoria e para as 16:30 horas en segunda convocatoria na Sala de Xuntas 1 do Campus Remoto da E.E. de Telecomunicación.

O 7 de setembro de 2023 ás 16:32 horas deu comezo a reunión ordinaria do Consello de Departamento co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, de actas anteriores.

Non tendo recibido alegacións, queda aprobada a acta do día 28 de xuño de 2023.

2. Informe do Director.

O Director informa sobre os seguintes puntos:

- Transmite os parabens ós profesores que promocionaron en datas recentes: a profesora Estela Sousa Vieira a Titular de Universidade e os profesores Ana Fernández Vilas e Felipe Gil Castiñeira a Catedráticos.
 - Houbo unha Comisión Permanente o 17 de xullo que aprobou o permiso de máis de 15 días solicitado por David Candal Ventureira.
 - Convocarase unha Comisión Permanente para o próximo xoves 14 de setembro para Emisión de informes dos candidatos á bolsa de colaboración.
3. Aprobación, se procede, de informes favorables para a prestacións de servizos polos profesores Felipe Gil Castiñeira e Francisco Javier González Castaño na spin-off Ancora Mobile S.L.

Apróbanse, por asentimento, a emisión de ámbolos dous informes favorables.

4. Aprobación, se procede, da delegación na comisión permanente, da aprobación de permisos para a prestación de servizos por parte do profesorado do Departamento de Enxeñaría Telemática, en spin-offs da Universidade de Vigo.

Apróbase, por asentimento, delegar de agora en diante na comisión permanente a aprobación de permisos para a prestación de servizos por parte do profesorado do Departamento de Enxeñaría Telemática, en spin-offs da Universidade de Vigo.

5. Aprobación, se procede, de modificación puntual do POD para o curso 23–24.

O Director informa dos cambios no POD presentado para a súa aprobación respecto ó anterior. Apróbase, por asentimento, o novo POD.

6. Aprobación, se procede, da delegación na comisión permanente da aprobación de modificacións puntuais do POD do Departamento de Enxeñaría Telemática.

Apróbase, por asentimento, delegar de agora en diante na comisión permanente a aprobación de modificacións puntuais do POD do Departamento de Enxeñaría Telemática.

7. Rogos e preguntas.

Non hai rogos nin preguntas.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 16:43 do día 7 de setembro de 2023, da que eu como Secretario do Departamento dou fe co visto e praxe do Director.

O Director do Departamento

O Secretario do Departamento

Dr. D. Luis E. Anido Rifón

Dr. D. Andrés Suárez González